



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo
15704 Santiago de Compostela
Tfno e fax: 981-570099
Correo: adega@adega.gal
Páxina electrónica: www.adega.gal

**Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA
Á DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALIZA**

**Sr. Presidente da Xunta de Galiza
Sr. Delegado do Goberno en Galiza**

A recente aparición de casos de SARS-CoV-2 nunha granxa de visón americano (*Neovison vison*) no concello coruñés da Baña pon novamente foco sobre os graves riscos que para a saúde ambiental e cidadá comportan estas instalacións. Os abrochos de coronavirus nestas explotacións son moi numerosos en todo o mundo, con evidencias da transmisión humano-animal e viceversa, e mesmo aparición de novas variantes do virus para os que as diversas vacinas que se están comezando a distribuír poderían non ser efectivas.

Dende ADEGA consideramos que os riscos derivados do mantemento destas explotacións non están en absoluto controlados coas medidas derivadas do programa estatal de prevención, vixilancia e control do SARS-CoV-2, aplicado pola Xunta dende o pasado mes de setembro. Trátase dun programa de control pasivo que só realiza análises se aparecen visóns con síntomas compatíbeis co SARS-CoV-2 ou algún dos operarios tivo un diagnóstico positivo.

Entendemos que en plena terceira vaga da pandemia con cifras de contaxio e hospitalización achegándose ás da pasada primavera, nen sequera a posta en marcha de medidas activas de control en todas as granxas de visón, con análíticas sistemáticas a todo o persoal e mostraxes representativas dos animais, serían suficientes para desactivar o alto risco de contaxio e transmisión da enfermidade que supoñen estas instalacións. Non podemos permitir que unha fuxida accidental ou intencionada de animais infectados derrame os esforzos e as duras medidas de control social, profilaxe e tratamento adoptadas polas administracións para conter a pandemia.

Xa que logo dende ADEGA vémonos na necesidade de reiterar a nosa solicitude de decretar o peche cautelar de todas as granxas de cría de visón americano en Galiza, para, seguindo o exemplo dalgúns países europeos (Holanda, Dinamarca, Reino Unido, Franza, Holanda, Hungría...) que recén aplicaron ou teñen xa decretado prohibicións e peches, suprimir de vez esta fonte certa de risco sanitario.

Existen, alén dos decretos estatais que soportan o actual estado de alarma, varias normas legais que facultan ás administracións estatal e galega para decretar, como propoñemos, o peche destas instalacións:

- **Lei Orgánica 3/1986, de 14 de abril, de Medidas Especiais en Materia de Saúde Pública.**

Artigo terceiro.

Coa fin de controlar as enfermidades transmisibles, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poder adoptar as medidas oportunas parao control dos enfermos, das personas que estean o teñan estado en contacto cos eles **e do medio ambiente inmediato, así como as que se consideren precisas en caso de risco de carácter transmisible.**

- **Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade.**

Artigo vintiseis.

1. En caso de que exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e extraordinario para a saúde, as autoridades sanitarias adoptarán as medidas preventivas que estimen pertinentes, tais como a **incautación ou inmovilización de produtos, suspensión do exercicio de actividades, peches de Empresas o as súas instalacións**, intervención de medios materiais e personais e cantas outras se consideren sanitariamente xustificadas.

- **Lei 8/2003, de 24 de abril, de sanidade animal.**

Artigo 8. Medidas sanitarias de salvagarda.

1. Para previr a introdución ou difusión no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria previstas no Código Zoonosanitario Internacional da Oficina Internacional de Epizootias ou na normativa nacional ou comunitaria, en especial daquelas de alta difusión, ou para previr a extensión de tais enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados ou de grave risco sanitario, a Administración Xeral do Estado ou os órganos competentes das comunidades autónomas, de oficio ou a instancia da primeira, poderán adoptar as seguintes medidas cautelares:

a) **Prohibición cautelar do movemento e transporte de animais** e produtos de orixe animal ou subprodutos de explotación, nunha zona ou territorio determinados ou en todo o territorio nacional, prohibición cautelar da entrada ou saída de aqueles en explotacións, ou a súa inmovilización cautelar en lugares ou instalacións determinados.

b) **Sacrificio obrigatorio de animais.**

c) **Incautación e, no seu caso, destrución obrigatoria de produtos de orixe animal**, produtos zoonosanitarios e produtos para a alimentación animal, nunha zona ou territorio determinados ou en todo o territorio nacional.

d) **Incautación e, no seu caso, sacrificio daqueles animais que non cumpran coa normativa sanitaria** ou de identificación vixente.

e) Suspensión cautelar da celebración de calquera certame ou concentración de gado, nunha zona ou territorio determinado, ou en todo o territorio nacional.

f) Suspensión cautelar das actividades cinexéticas ou pesqueiras.

g) Realización dun programa obrigatorio de vacinacións.

h) **Prohibición ou limitación da importación ou entrada en España, ou de saída ou exportación do territorio nacional**, de animais, produtos de orixe animal, produtos zosanitarios e produtos para a alimentación animal, ou o cambio ou restricións o seu uso ou destino, con o seu transformación.

i) **A suspensión das autorizacións, a prohibición transitoria ou o peche temporal dos establecementos** de elaboración, fabricación, produción, distribución, dispensación ou comercialización de produtos zosanitarios e produtos para a alimentación animal, así como o **peche ou suspensión temporal de matadoiros ou centros nos que se realice o sacrificio dos animais**, centros de limpeza e desinfección e demais establecementos relacionados coa sanidade animal.

j) En xeral, **todas aquelas medidas**, incluídas a desinfección o desinsectación, precisas para previr a introdución no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria, en especial daquelas de alta difusión, ou a extensión de tais enfermidades **en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados**, así como **en situacións de grave risco sanitario**.

2. En caso de que ditas medidas afecten ou se refiran a un Estado membro da Unión Europea e, no seu caso, a terceiros países, en especial a **prohibición da entrada en España de determinados animais** ou produtos de orixe animal, solicitarase previamente á Comisión Europea a adopción das medidas que foran precisas. Até que se adopten pola Comisión Europea as medidas ou decisión correspondentes, poderán establecerse provisionalmente as que se consideren imprescindibles.

Agardamos que dende a institución da que é resposábel e co obxectivo último de salvagardar a saúde ambiental e cidadá, exerza as competencias que lle son propias para atendendo á nosa solicitude, decretar o peche cautelar da actividade das 26 granxas de cría de visón americano existentes en Galiza e a inmovilización dos seus recursos e produtos.

En Compostela, 25 de xaneiro de 2021,

Asdo.:

Virxinia Rodríguez, Presidenta de ADEGA

**Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA
Á DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALIZA**